

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SANTIAGO DE COMPOSTELA**

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

**Extracto del Acuerdo de Junta de Gobierno Local de fecha 5 de diciembre de 2022 por el que se convoca la 1ª Fase de las subvenciones de mejora de la accesibilidad en viviendas de barrios desfavorecidos en el marco de la EDUSI cofinanciada en un 80% por el fondo europeo de desarrollo regional de la Unión Europea.**

### **BDNS (Identif.): 663540**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/663540>)

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) y en la página web municipal ([http://santiagodecompostela.gal/casa\\_concello/servizo.php?txt=ser\\_rehabilitacion\\_vivendas&lg=gal&c=30](http://santiagodecompostela.gal/casa_concello/servizo.php?txt=ser_rehabilitacion_vivendas&lg=gal&c=30)):

### **A OBJETO**

La presente convocatoria tiene por objeto, tal como establece el artículo 20.1 y 2 de la Ley 9/2007 de 13 de junio de Subvenciones de Galicia (en adelante LSG), el inicio del procedimiento de concesión de ayudas en especie en régimen de concurrencia competitiva para actuaciones de mejora de la accesibilidad de edificios residenciales sitios en ámbitos desfavorecidos de conjuntos edificios residenciales de promoción pública o de entidades benéficas de mediados del siglo pasado, en los que la dotación de elevador presenta una especial dificultad en su gestión por parte de los particulares dadas las características de las soluciones previstas en el planeamiento urbanístico vigente.

De acuerdo al compromiso adquirido por el Ayuntamiento en el marco de la Estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible Integrada (en adelante EDUSI) dentro del programa operativo plurirregional de España del FEDER en su eje urbano, su finalidad es promover la inclusión social y luchar contra la pobreza y cualquier modo de discriminación a través de estrategias urbanas integradas en la categoría de inversión de infraestructura de vivienda en la línea de actuaciones en barrios desfavorecidos.

### **B ACTUACIONES SUBVENCIONABLES**

Las actuaciones subvencionables consistirán en la elaboración de la documentación técnica preceptiva para ejecutar la dotación de una accesibilidad adecuada a edificios de viviendas que precisen de la instalación de elevador para su resolución, incluyendo las nuevas comunicaciones comunes previstas y posibles intervenciones imprescindibles que se requieran en los elementos privativos y el espacio público inmediato.

El desarrollo total de operación que nos ocupa, por cuestiones operativas, estará constituida por dos fases claramente diferenciadas consistentes en dos convocatorias distintas y sucesivas:

FASE 1ª\_ Elaboración del proyecto arquitectónico básico y de ejecución y demás documentación técnica imprescindible para definir la intervención arquitectónica.

FASE 2ª\_ Ejecución de las obras correspondientes a los proyectos elaborados.

Esta convocatoria que nos ocupa ahora se refiere exclusivamente a la primera de estas dos fases.

### **C BENEFICIARIOS**

Podrán tener la consideración de persona beneficiaria las comunidades de propietarios/as y/o agrupaciones de comunidades de propietarios/as que cumplan las condiciones y requisitos establecidos en las bases, y asuman los compromisos predeterminados.

La totalidad de los propietarios de las comunidades o agrupaciones de propietarios de los edificios afectados por cada actuación deberá solicitar la concesión de estas ayudas por unanimidad (100%).

Los beneficiarios de esta 1ª fase de la operación estarán obligados, en el caso de existir disponibilidad presupuestaria y de tiempo en el momento de la convocatoria de la 2ª fase a solicitarla. Una vez elaborados los documentos técnicos y a la vista de los costes recogidos en los mismos, la comisión evaluadora determinará cuáles de aquellos beneficiarios de la 1ª fase son susceptibles de serlo en la 2ª fase en función de la disponibilidad presupuestaria remanente. Se notificará el resultado del dictamen a los afectados, que tendrán la obligación de presentarse a la convocatoria de la 2ª fase de la operación consistente en la ejecución de las actuaciones proyectadas en esta 1ª.

En especial, los propietarios deberán obtener la disponibilidad de los terrenos y derechos de naturaleza comunitaria del edificio o privativos precisos para ejecutar las actuaciones y, cuando proceda, el título que autorice la ocupación privativa del dominio público según los procedimientos legalmente establecidos.

Una vez justificada y aprobada la concesión de la ayuda, la totalidad de la propiedad quedará sujeta a las obligaciones establecidas, destacando entre ellas el destino de los bienes que se reciban al fin concreto para el que se concedió la subvención por un período mínimo de diez (10) años, y su correcta conservación y mantenimiento, así como inscribir, a su costa, en el Registro de la Propiedad las modificaciones ejecutadas sobre el edificio.

#### **D CRÉDITO PRESUPUESTARIO Y FINANCIAMIENTO DE LAS AYUDAS**

Esta operación forma parte de la Estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible e Integrado de Santiago de Compostela, cofinanciada por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) en el marco del Programa Operativo Plurirregional de España 2014-2020, en un 80% correspondiendo el restante 20% a la aportación municipal.

De acuerdo al artículo 20.2.b de la LSG, el crédito total disponible para hacer frente a los gastos derivados de la operación completa de esta línea de ayudas en especie asciende a 970.900 €, para lo que existe crédito suficiente en el presupuesto del ejercicio 2022 para hacer frente a la primera fase de esta convocatoria que alcanza 84.000,00 €, dentro de la aplicación presupuestaria 030 15220 6220000, Proyecto de Gasto 2021 3 EDUSI.

Al tratarse de una ayuda en especie, el gasto relativo a esta convocatoria se imputará de acuerdo con la naturaleza del gasto a realizar, en el capítulo VI del presupuesto de gastos.

#### **E NATURALEZA Y COMPATIBILIDAD DE LAS SUBVENCIONES**

La naturaleza de la subvención convocada en esta disposición es de ayudas en especie, que consisten en la materialización de las actuaciones subvencionables por parte del Ayuntamiento y su entrega a título gratuito a las comunidades o agrupaciones de propietarios de los edificios, de conformidad con lo establecido en la DA 5ª de la Ley de Subvenciones 38/2003.

Dada su naturaleza de ayudas en especie, su cuantía representa el 100% del coste de las actuaciones subvencionables.

Dado que la cuantía alcanza el 100% del coste, estas subvenciones NO son compatibles con ninguna otra, pública o privada, que se pudiera conceder para las mismas actuaciones.

#### **F ÁMBITO**

El ámbito de aplicación se corresponde con el calificado por el Plan General Municipal de Ordenación vigente como ordenanza 9 de Actuaciones Unitarias Consolidadas, en su variante A sobre edificios de viviendas colectivas, en aquellos casos en los que no esté resuelta su accesibilidad, y que cuenten con los instrumentos de planeamiento requeridos para la ejecución de las actuaciones de mejora de la accesibilidad necesarias, en los que se recojan los criterios de intervención en los edificios y las actuaciones inherentes que afecten directamente a urbanización del espacio público.

#### **G RÉGIMEN DE CONCESIÓN Y CRITERIOS DE PRIORIDAD**

El procedimiento de concesión de las subvenciones se tramitará en régimen de concurrencia competitiva, fijándose en la convocatoria los criterios de prioridad a efectos de establecer una prelación de las solicitudes en función de las características de la intervención y de su naturaleza, así como el número de viviendas y edificios a los que se dota de accesibilidad con la instalación de cada uno de los elevadores:

1 En primer lugar, tendrán preferencia las solicitudes que resuelvan la accesibilidad del mayor número edificios o bloques con caja de escalera independiente con la ejecución de un único elevador.

2 En segundo lugar, tendrán preferencia las solicitudes que resuelvan la accesibilidad del mayor número de viviendas con la ejecución de un único elevador.

3 En tercer lugar, se dará preferencia a los que precisen de la renovación de las cajas de escalera de los edificios frente a las que no.

4 En cuarto lugar, en los que la solución prevista implique la ejecución del elevador exterior a las alineaciones de los edificios, frente a las que lo resuelvan en el interior de sus actuales alineaciones.

5 En quinto lugar, se atenderán a los casos que resuelvan la accesibilidad del mayor número de plantas.

6 En último lugar se atenderá el orden de presentación en el Ayuntamiento de la correspondiente solicitud de ayuda, teniendo las más antiguas preferencia sobre las más recientes.

#### **H CUANTÍA**

Tal y como recoge la “Expresión de interés para la selección de operaciones cofinanciadas en el marco de la EDUSI” aprobada, en su apartado B) del capítulo de Ejecución de la operación, el coste total estimado a esta FASE I relativa a la elaboración de documentación técnica se estima en 84.000,00 €, para un objetivo de 98 viviendas dotadas de accesibilidad.

Por lo tanto, las ayudas correspondientes a esta 1ª Fase de la operación no podrán superar en total la cantidad de 84.000,00 € y la ayuda correspondiente a cada actuación no podrá superar la proporción de 857,14 € por vivienda existente en los edificios objeto de la actuación. En el caso de estimarse un coste superior de la ayuda, la solicitud será desestimada.

#### **I PLAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

El plazo de presentación de las solicitudes será de un (1) meses contados a partir del día siguiente a la publicación de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

#### **J BASES REGULADORAS**

De acuerdo al artículo 20.2.a de la LSG, las bases reguladoras de esta disposición serán las Bases de ejecución del presupuesto municipal del Ayuntamiento de Santiago de Compostela del año 2022, y demás marco normativo general de aplicación.

La presente disposición será publicada en la página web municipal del Ayuntamiento de Santiago de Compostela correspondiente a la Oficina de Rehabilitación y Vivienda.

#### **K ÓRGANOS MUNICIPALES COMPETENTES**

La Oficina municipal de Rehabilitación será la responsable de la tramitación de los expedientes relativos a las solicitudes de ayuda a la rehabilitación que se convocan en esta disposición.

La comisión evaluadora estará compuesta por tres funcionarios adscritos a dicha Oficina o, en su defecto, al Servicio de Urbanismo del Ayuntamiento, actuando como secretario/a, sin voto, un/una funcionario/a de la Oficina.

El órgano competente para acordar las resoluciones relativas a las subvenciones tramitadas de acuerdo con la presente convocatoria será la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Santiago. Los acuerdos de la Junta de Gobierno Local de concesión o denegación de las subvenciones ponen fin a la vía administrativa.

Santiago de Compostela

5/12/2022

Jefe de la Oficina de Rehabilitación y Vivienda\_ Javier Fernández Muñoz

**Extracto do Acordo de Xunta de Goberno Local de data 5 de decembro de 2022 polo que se convoca a 1ª Fase das subvencións de mellora da accesibilidade en vivendas de barrios desfavorecidos no marco da EDUSI cofinanciada nun 80% polo fondo europeo de desenvolvemento rexional da Unión Europea.**

#### **BDNS (Identif.): 663540**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/663540>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvenciones, publíquese o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) e na páxina web municipal ([http://santiagodecompostela.gal/casa\\_concello/servizo.php?txt=ser\\_rehabilitacion\\_vivendas&lg=gal&c=30](http://santiagodecompostela.gal/casa_concello/servizo.php?txt=ser_rehabilitacion_vivendas&lg=gal&c=30)):

## A OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto, tal como establece o artigo 20.1 e 2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia (en adiante LSG), o inicio do procedemento de concesión de axudas en especie en réxime de concorrencia competitiva para actuacións de mellora da accesibilidade de edificios residenciais sitos en ámbitos desfavorecidos de conxuntos edificios residenciais de promoción pública ou de entidades benéficas de mediados do século pasado, nos que a dotación de elevador presenta unha especial dificultade na súa xestión por parte dos particulares dadas as características das solucións previstas no planeamento urbanístico vixente.

De acordo ao compromiso adquirido polo Concello no marco da Estratexia de desenvolvemento urbano sostible integrada (en adiante EDUSI) dentro do programa operativo plurirrexional de España do FEDER no seu eixe urbano, a súa finalidade é promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera xeito de discriminación a través de estratexias urbanas integradas na categoría de investimento de infraestrutura de vivenda na liña de actuacións en barrios desfavorecidos.

## B ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

As actuacións subvencionables consistirán na elaboración da documentación técnica preceptiva para executar a dotación dunha accesibilidade adecuada a edificios de vivendas que precisen da instalación de elevador para a súa resolución, incluíndo as novas comunicacións comúns previstas e posibles intervencións imprescindibles que se requiran nos elementos privativos e o espazo público inmediato afectado.

O desenvolvemento total de operación que nos ocupa, por cuestións operativas, estará constituída por dúas fases claramente diferenciadas consistentes en dúas convocatorias distintas e sucesivas:

FASE 1ª\_ Elaboración do proxecto arquitectónico básico e de execución e demais documentación técnica imprescindible para definir a intervención arquitectónica.

FASE 2ª\_ Execución das obras correspondentes aos proxectos elaborados.

Esta convocatoria que nos ocupa agora refírese exclusivamente á primeira destas dúas fases.

## C BENEFICIARIOS

Poderán ter a consideración de persoa beneficiaria as comunidades de propietarios/as e/ou agrupacións de comunidades de propietarios/as que cumpran as condicións e requisitos establecidos nas bases, e asuman os compromisos predeterminados.

A totalidade dos propietarios das comunidades ou agrupacións de propietarios dos edificios afectados por cada actuación deberá solicitar a concesión destas axudas por unanimidade (100%).

Os beneficiarios desta 1ª fase da operación estarán obrigados, no caso de existir dispoñibilidade orzamentaria e de tempo no momento da convocatoria da 2ª fase a solicitala. Unha vez elaborados os documentos técnicos e á vista dos custos recollidos nos mesmos, a Comisión avaliadora determinará cales daqueles beneficiarios da 1ª fase son susceptibles de selo na 2ª fase en función da dispoñibilidade orzamentaria remanente. Notificarase o resultado do ditame aos afectados, que terán a obriga de presentarse á convocatoria da 2ª fase da operación consistente na execución das actuacións proxectadas nesta 1ª fase.

En especial, os propietarios deberán obter a dispoñibilidade dos terreos e dereitos de natureza comunitaria do edificio ou privativos precisos para executar as actuacións e, cando proceda, o título que autorice a ocupación privativa do dominio público segundo os procedementos legalmente establecidos.

Unha vez xustificada e aprobada a concesión da axuda, a totalidade da propiedade quedará suxeita ás obrigas establecidas, destacando entre elas o destino dos bens que se reciban ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención por un período mínimo de dez (10) anos, e a súa correcta conservación e mantemento, así como inscribir, á súa costa, no rexistro da propiedade as modificacións executadas sobre o edificio.

## D CRÉDITO ORZAMENTARIO E FINANCIAMENTO DAS AXUDAS

Esta operación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado de Santiago de Compostela, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020, nun 80% correspondendo o restante 20% á achega municipal.

De acordo ao artigo 20.2.b da LSG, o crédito total dispoñible para facer fronte aos gastos derivados da operación completa desta liña de axudas en especie ascende a 970.900 €, para o que existe crédito suficiente no orzamento do exercicio 2022 para facer fronte á primeira fase desta convocatoria que acada 84.000,00 €, dentro da aplicación orzamentaria 030 15220 6220000, Proxecto de Gasto 2021 3 EDUSI 2.

Ao tratarse dunha axuda en especie, o gasto relativo a esta convocatoria imputárase de acordo coa natureza do gasto a realizar, no capítulo VI do orzamento de gastos.

## E NATUREZA E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS

A natureza da subvención convocada nesta disposición é de axudas en especie, que consisten na materialización das actuacións subvencionables por parte do Concello e a súa entrega a título gratuito ás comunidades ou agrupacións de propietarios dos edificios, de conformidade co establecido na DA 5ª da Lei de subvencións 38/2003.

Dada a súa natureza de axudas en especie, a súa contía representa o 100% do custo das actuacións subvencionables.

Dado que a contía acada o 100% do custo, estas subvencións NON son compatibles con ningunha outra, pública ou privada, que se puidera conceder para as mesmas actuacións.

## F ÁMBITO

O ámbito de aplicación se corresponde co cualificado polo Plan Xeral Municipal de Ordenación vixente como ordenanza 9 de Actuacións unitarias consolidadas, na súa variante A sobre edificios de vivendas colectivas, naqueles casos nos que non estea resolta a súa accesibilidade, e que contén cos instrumentos de planeamento requiridos para a execución das actuacións de mellora da accesibilidade necesarias, nos que se recollan os criterios de intervención nos edificios e as actuacións inherentes que afecten directamente a urbanización do espazo público.

## G RÉXIME DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE PRIORIDADE

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, fixándose na convocatoria os criterios de prioridade a efectos de establecer unha prelación das solicitudes en función das características da intervención e da súa natureza, así como o número de vivendas e edificios aos que se dota de accesibilidade coa instalación de cada un dos elevadores:

1 En primeiro lugar terán preferencia as solicitudes que resolvan a accesibilidade do maior número edificios ou bloques con caixa de escaleira independente ca execución dun único elevador.

2 En segundo lugar, terán preferencia as solicitudes que resolvan a accesibilidade do maior número de vivendas ca execución dun único elevador.

3 En terceiro lugar, se dará preferencia aos que precisen da renovación das caixas de escaleira dos edificios fronte as que non.

4 En cuarto lugar nos que a solución prevista implique e a execución do elevador exterior ás aliñacións dos edificios, fronte ás que o resolvan no interior das súas actuais aliñacións.

5 En quinto lugar se atenderán aos casos que resolvan a accesibilidade do maior número de plantas.

6 En último lugar se atenderá a orde de presentación no Concello da correspondente solicitude de axuda, tendo as mais antigas preferencia sobre as mais recentes.

## H CONTÍA

Tal e como recolle a “Expresión de interese para a selección de operacións cofinanciadas no marco da EDUSI” aprobada, no seu apartado B) do capítulo de Execución da operación, o custo total estimado a esta FASE I relativa á elaboración de documentación técnica estímase en 84.000,00 €, para un obxectivo de 98 vivendas dotadas de accesibilidade.

Polo tanto, as axudas correspondentes a esta 1ª Fase da operación non poderá superar en total a cantidade de 84.000,00 € e a axuda correspondente a cada actuación non poderá superar a proporción de 857,14 € por vivenda existente nos edificios obxecto da actuación. No caso de estimarse un coste superior da axuda, a solicitude será desestimada.

## I PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación das solicitudes será de un (1) meses contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

## J BASES REGULADORAS

De acordo ao artigo 20.2.a da LSG, as bases reguladoras desta disposición serán as Bases de execución do orzamento municipal do Concello de Santiago de Compostela do ano 2022, e demais marco normativo xeral de aplicación.

A presente disposición será publicada na páxina web municipal do Concello de Santiago de Compostela correspondente á Oficina de Rehabilitación e Vivenda.

## K ÓRGANOS MUNICIPAIS COMPETENTES

A Oficina municipal de Rehabilitación será a responsable da tramitación dos expedientes relativos ás solicitudes de axuda á rehabilitación que se convocan nesta disposición.

A Comisión avaliadora estará composta por tres funcionarios adscritos á antedita Oficina ou, no seu defecto, ao Servizo de Urbanismo do Concello, actuando como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a da Oficina.

O órgano competente para acordar as resolucións relativas ás subvencións tramitadas de acordo coa presente convocatoria será a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago. Os acordos da Xunta de Goberno Local de concesión ou denegación das subvencións poñen fin á vía administrativa.

Santiago de Compostela

5/12/2022

O xefe da Oficina de Rehabilitación e Vivenda\_ Javier Fernández Muñoz

2022/7887